

franja dos primeiros 200 m. dende a ribeira do mar, estarán clasificados como solo rústico de protección de costas, sen prexuízo da coexistencia co solo rústico de protección forestal.

Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso- administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Cervo, a 11 de marzo de 2016.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 0716

---

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

#### **APROBACION DEFINITIVA MODIFICACION PUNTUAL DA RELACION DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE GUITIRIZ (FICHA nº20 da RPT)**

O Pleno do Concello de Guitiriz na sesión ordinaria celebrada o día 28/01/2016 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz aprobada por acordo plenario de data 30/05/2013, no relativo exclusivamente ao seguinte:

-Modificar a ficha nº20 da RPT para incrementar as retribucións e funcións do posto de traballo de limpadora (ficha nº20 da RPT) para equiparalo en funcións e retribucións mensuais aos outros 3 postos de traballo de limpadora (fichas 18 e 19 da RPT). Xúntase ficha nº20 da RPT coas citadas modificacións.

Durante o prazo de 20 días de información pública do expediente non presentáronse alegacións, polo que de conformidade co artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, considerase definitivamente aprobada.

O que se publica no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade co establecido no artigo 127 do RDL. 781/1986, do 18 de abril.

Guitiriz, 14 de marzo de 2016.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 0717

---

## LUGO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 9 de marzo de 2016, adoptou o acordo núm. 13/131 **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN E DE ÁRIDOS RECICLADOS (LOTE 1), DE ZAHORRA (LOTE 2) E DE GRAVILLA PARA REGOS (LOTE 3) - 2016. (EXP. REF. 1-2016).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### **1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

#### **2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto** É obxecto deste procedemento a celebración dun contrato de subministración instrumentalizado como acordo marco, para a entrega de forma sucesiva e por prezo unitario de áridos reciclados (LOTE 1), de zahorra (LOTE 2) e de gravilla para regos (LOTE 3) para levar a cabo as obras de mantemento dos viais de titularidade municipal e do transporte do dito material aos puntos indicados, todo isto segundo as características sinaladas nos pregos de condicións técnicas elaboradas polo enxeñeiro municipal.

#### **3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

#### **4.- Tipo de licitación:**

O valor estimado do contrato para a totalidade TRES lotes tendo en conta a prórroga prevista é de **185.123,96 euros** IVE excluído.

- O orzamento total de cada lote é o seguinte:

#### LOTE 1.- SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDO RECICLADO.

A cantidade anual a subministrar de árido reciclado estimase en **1.000 toneladas** sen que o concello teña a obriga de levar a efecto unha determinada contía da subministración, de conformidade co artigo 9.3.a) do TRLCSP.

O **prezo unitario máximo** por tonelada (€/T) e por transporte son os seguintes:

- Árido reciclado RC 40-80: 6,40 €/T máis o IVE (21%) – 1,34 €, resultando un total de 7,74 €/T.
- Árido reciclado RC 10-40: 6,80 €/T máis o IVE (21%) – 1,43 €, resultando un total de 8,23 €/T.
- Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da milagrosa (Frigsa): 3,00 €/T máis o IVE (21%) – 0,63 €, resultando un total de 3,63 €/T.
- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: 0,11 €/km/T máis o IVE (21%) – 0,02 €, resultando un total de 1,13 €/km/T.

Non obstante o prezo unitario para cada tipo de árido e para o transporte será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

En consecuencia, **o orzamento máximo PARA O LOTE 1 para a primeira anualidade ascende a 9.917,36 euros máis o IVE (21%) – 2.082,64 €, resultando un orzamento máximo de 12.000 IVE incluído.**

Esta cantidade indícase unicamente a efectos de estimación máxima de gasto e publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

#### LOTE 2.- SUBMINISTRACIÓN DE ZAHORRA.

A cantidade anual a subministrar de zahorra estimase en **4.200 toneladas** sen que o concello teña a obriga de levar a efecto unha determinada contía da subministración, de conformidade co artigo 9.3.a) do TRLCSP.

O **prezo unitario máximo** por tonelada (€/T) e por transporte son os seguintes:

- Zahorra ZA 0/32: 6,50 €/T máis o IVE (21%) – 1,37 €, resultando un total de 7,87 €/T.
- Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da milagrosa (Frigsa): 3,00 €/T máis o IVE (21%) – 0,63 €, resultando un total de 3,63 €/T.
- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: 0,11 €/km/T máis o IVE (21%) – 0,02 €, resultando un total de 1,13 €/km/T.

Non obstante o prezo unitario para a zahorra e para o transporte será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

En consecuencia, **o orzamento máximo PARA O LOTE 1 para a primeira anualidade ascende a 41.322,31 euros máis o IVE (21%) – 8.677,69 €, resultando un orzamento máximo de 50.000 IVE incluído.**

Esta cantidade indícase unicamente a efectos de estimación máxima de gasto e publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

#### LOTE 3.- SUBMINISTRACIÓN DE GRAVILLA PARA REGOS.

A cantidade anual a subministrar de gravilla estimase en **4.300 toneladas** sen que o concello teña a obriga de levar a efecto unha determinada contía da subministración, de conformidade co artigo 9.3.a) do TRLCSP.

O **prezo unitario máximo** por tonelada (€/T) e por transporte son os seguintes:

- Gravilla (3/6; 6/12;11/22) e Grava (20/40): 6,50 €/T máis o IVE (21%) – 1,37 €, resultando un total de 7,87 €/T.
- Transporte dende a canteira ata o acopio nas instalacións municipais no Parque da milagrosa (Frigsa)::3,00 €/T máis o IVE (21%) – 0,63 €, resultando un total de 3,63 €/T.
- Transporte dende o Parque de A Milagrosa ata as obras: 0,11 €/km/T máis o IVE (21%) – 0,02 €, resultando un total de 1,13 €/km/T.

Non obstante o prezo unitario para a gravilla e para o transporte será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

En consecuencia, **o orzamento máximo PARA O LOTE 2 para a primeira anualidade ascende a 41.322,31 euros máis o IVE (21%) – 8.677,69 €, resultando un orzamento máximo de 50.000 IVE incluído.**

Esta cantidade indícase unicamente a efectos de estimación máxima de gasto e publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

**5.- Garantías:** definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

**6. Condiciones especiais de execución:**

**Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

**c) Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó primeiro día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

11.- **Gastos dos anuncios:** 154,05 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 10 de marzo de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA ( Decreto nº 15010037) Ana Prieto Nieto

R. 0718

**MONDOÑEDO***Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente administrativo do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2016, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 8 de febreiro de 2016, e non téndose presentado reclamación administrativa algunha contra o mesmo durante o período de exposición, considérase definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

**Estado de gastos**

Capítulo 1	gastos de personal	1.630.899,45 euros
Capítulo 2	gastos corrientes en bienes y servicios	718.814,02 euros
Capítulo 3	gastos financieros	43.458,00 euros
Capítulo 4	transferencias corrientes	3.000,00 euros